



Asociación prá normalización del galego de Asturias

www.axuntar.eu
asociacion@axuntar.eu
[@axuntar](https://twitter.com/axuntar)
[axuntar](https://www.facebook.com/axuntar)
[axuntar](https://www.youtube.com/axuntar)



Axuntar presenta a súa web: www.axuntar.eu

Axuntar, asociación prá normalización del galego de Asturias, **presenta un dominio** e úa **páxina web** adaptada ás esixencias actuais dos usuarios de internet, **úa ferramenta dinámica, intuitiva e fácil de usar**. El espacio web inclúe quén somos, en qué tamos traballando, un blog -[bitácora](#)- con distintos contidos (lingua, biblioteca, fonoteca, novas, patrimonio cultural e natural, toponimia, un espacio de opinión, xogos...).

El **equipo informático de Axuntar** lleva meses traballando en puer esta ferramenta a disposición de todas as persoas que comparten con nosoutros a preocupación por el abandono a que tá exposto el patrimonio lingüístico galaico-portugués da comarca del Eo-Navia e da zona de Pola de Allande-Ibias.

El **obxectivo fundamental** é crear un mecanismo moderno que permita úa posta en común das inquietudes que muita xente comparte sobre a necesidá de cuidar el patrimonio inmaterial del que somos depositarios, chegar a un número maior de persoas sensibilizadas, e crear un espacio común unde dar a conocer as iniciativas que se desenvollen en distintos ámbitos e por distintas persoas (particulares ou asociaciois) pra valorizar el idioma propio, a toponimia e el sou respecto dentro del marco da protección del patrimonio natural e paisaxístico, a sensibilización na necesidá de que se respecte el marco lexislástico que tutela esta cultura que é úa herencia que a todos/as pertence pero que tamén é úa soleira na que asentar el futuro al que temos dereto. El abandono cultural, a falta de presencia institucional e nos medios públicos del idioma e el tratamento da fala galega de Asturias nel sistema educativo sen outorgarlle dignidá lingüística son outras manifestaciois del abandono rural que muitas veces pasamos por alto.

Deste xeito a **novedá principal da nova web de Axuntar é a creación da [Rede Social - Faladoiro](#)**- de acceso libre pra todos/as os que se inscriban a través dun sistema de acceso seguro, mediante alta de usuario e contraseña. Este espacio é por tanto un lugar de encontro que ofrece a posibilidá de aprender, ensinar, divulgar, colaborar, axudar, compartir... Dalgún xeito é úa **polavila/polavilla virtual** que ademais de ter aquela función que tían as reunións que antiguamente se fían nas casas nas noites de inverno pra falar, divertirse e transmitir cultura e saberes, posibilita, por medio de internet, a función de facilitar a participación ou seguimento del traballo asociativo e superar a barreira das distancias e da falta de medios de comunicación implicados e sensibilizados.

Na **Rede Social, Faladoiro**, permítense conversaciois e creación de grupos de traballo públicos e privados e, inda que al empezo hai que acostumarse un pouco al uso da ferramenta, el sou carácter intuitivo permite adaptarse fácilmente, pois os usuarios xeneralmente xa conocen outras redes sociales. El cometido é **procurar, entre todas as persoas que se animen a participar, a medría de lo noso superando prexucios e traballando en construír en positivo**.

El espacio web ten un diseño adaptable aos formatos de ordenador, móvil, ou tableta e

organízase cun sistema de búsquedas por contidos, árbol de categorías, posibilidade de escolla por fechas e permite publicar comentarios, propostas e inquietudes.

El novo correo electrónico é: ***asociacion@axuntar.eu***

A web inclúe formularios de contacto e [afiliación](#) on-line que facilitan a colaboración na tarefa de dignificación del gallego de Asturias.

[Entra nel vídeo de presentación](#) diseñado por el equipo informático de Axuntar.

Axuntar, asociación prá normalización del galego de Asturias, ten como obxectivo a conservación e promoción del uso da lingua propia da comarca asturiana del Eo-Navia e da zona de fala galega de Allande e Ibias que, dende ámbitos filolóxicos, responde al xeotipo galego. Promovemos el estudio e promoción da lingua, a etnografía, a antropoloxía, a socioloxía, os estudos históricos e cualquier outro aspecto das terras del Eo-Navia. Queremos fomentar el uso del idioma na nosa zona, nas institucións sitas nel territorio e na administración del Principado de Asturias, e procurar el acceso á nosa lingua aos novos falantes. Consideramos imprescindible a presencia da nosa lingua en todos os grados del sistema educativo e nos medios de comunicación escritos e audiovisuales, con especial interese naquelos de titularidá pública.

Máis información:

Moisés Cima Fernández, Presidente de Axuntar, tel. 684654748

